


# PLAN DE IGUALDADE



**CEIP MESTRE VALVERDE MAYO**

**CURSO 2022-2023**

## 1. INTRODUCCIÓN

O Ceip Mestre Valverde Mayo leva varios cursos desenvolvendo proxectos educativos centrados na necesidade de educar na igualdade, xa que todos e todas temos dereito ás mesmas oportunidades.

Coa elaboración deste plan, pretendemos dar continuidade ás actuacións realizadas no centro en cursos anteriores, encamiñadas a consecución dos seguintes obxectivos:

- Romper cos estereotipos de xénero.
- Tomar conciencia da diversidade como un valor enriquecedor.
- Rexeitar a violencia de calquera tipo.
- Tomar conciencia das ideas sexistas presentes na sociedade, especialmente nos medios de comunicación e na publicidade.
- Empregar correctamente a linguaxe, fuxindo de estereotipos sexistas.
- Educar na igualdade de oportunidades entre nenos e nenas.

A coeducación é una das marcas educativas do noso centro, tal como figura nos nosos sinais de identidade.

Para o seu adecuado cumprimento, na última renovación do Consello Escolar un dos seus membros foi nomeado responsable en materia de igualdade.

Esta persoa encárgase de velar polo axeitado cumprimento deste Plan de Igualdade.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Este Plan de Igualdade ten como base a lexislación vixente a día de hoxe en materia de igualdade.

### MARCO LEGAL

- Constitución Española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación .
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade de mulleres e homes.

- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro.
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei galega 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade en materia de convivencia escolar.

De acordo co esta normativa o PEC recolle unha listaxe de sinais de identidade coas que nos comprometemos. Entre ditos sinais, recolleemos aquí os seguintes:

- Defendemos unha escola baseada no respecto, a cooperación e a responsabilidade persoal (actitudes, valores e normas), co obxectivo de:
  - Establecer un clima de confianza que facilite unha axeitada relación entre tódolos membros da comunidade educativa.
  - Desenvolver a conciencia de pertencer a unha determinada comunidade e a un certo entorno socio-cultural, onde é preciso cooperar dende as propias conviccións e dende o respecto ás conviccións dos demais. (Tolerancia)
- Pretendemos acadar unha escola baseada nos principios da coeducación e igualdade entre os sexos, co obxectivo de:
  - Fomentar a integración de tódolos individuos, evitando a discriminación por sexo, crenzas, aptitudes, capacidades, etc.
  - Evitar a transmisión de modelos tradicionais de home/muller que tendan a degradar a imaxe dalgún deles.

Por outra banda o Equipo de Convivencia ten como unha das súas funcións propoñer actividades encamiñadas a xerar un bo clima de convivencia que permita prever situacións conflitivas ou violentas ao longo do curso escolar.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

Nos últimos anos observamos como entre a comunidade educativa van diminuindo as actitudes e comportamentos baseados en modelos sexistas tan habituais no pasado.

Sen embargo, aínda que pareza que avanzamos na igualdade de xénero, atopamos espazos onde a desigualdade subsiste. Con respecto ao emprego dos espazos no horario de recreo, as pistas (e polo tanto a maior parte do patio) adoitaban ser empregadas polos nenos para xogar ao fútbol, mentres que as nenas empregaban os espazos de paseo. Isto amosa que perdura a tradicional división do espazo público-privado, sendo o xénero masculino o que se apropia da meirande parte do mesmo e relegando ás mulleres ás marxes, sen poder desfrutar do espazo nas mesmas condicións. Ademais, no caso de que as nenas cuestionasen esta división, eran ignoradas ou mesmo obxecto de burlas, incluso intimidadas polos rapaces.

Observamos entre toda a comunidade educativa dificultades (cada vez menosres) para aceptar con naturalidade os distintos modelos de familia que se dan na actualidade, cada vez con máis frecuencia, así como a aceptación normalizada de todo tipo de diversidade sexual.

Gustaríanos ofrecer ao noso alumnado unha presenza equilibrada no centro, entre homes e mulleres pero contamos cun profesorado case exclusivamente feminino, dezanove mulleres e só un homes. Polo tanto, a idea tradicional de que o ensino é “cosa de mulleres” vese reforzada na nosa realidade.

Como dato a favor, contamos cun Equipo Directivo formado por tres mestras. Esta realidade xa pode ser observada polo alumnado dende hai uns cursos, cando contabamos con tres ou catro mestres. A realidade en moitos colexios e tamén noutros ámbitos, adoita ser diferente, onde os homes ocupan os cargos directivos.

### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN

#### EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS:

#### 4.2 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Transmitir unha imaxe plural e non estereotipada das mulleres e dos homes.
- Analizar de modo crítico as mensaxes que se transmiten das mulleres a través de diferentes medios.
- Promover unha participación equilibrada dos nenos e nenas nos traballos domésticos.
- Colaborar coas familias e proporcionarlles pautas para evitar os estereotipos sexistas dentro das casas.

### **4.3 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Promover a formación en coeducación entre o profesorado
- Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.
- Mellorar as relacións persoais entre o alumnado, diminuindo os conflitos e o sexismo nas situacións de xogo.
- Empregar os patios de xeito compartido e non excluínste.
- Promover entre o profesorado actividades educativas encamiñadas a coñecer as claves que permitan identificar situación de violencia de xénero e os protocolos a seguir no caso de que se produzan.

### **4.4 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Dar visibilidade a referentes positivos de persoas que reflectan a diversidade sexual.
- Valorar positivamente as expresións de afecto entre tódalas persoas, sexa cal sexa o seu sexo.
- Pór en práctica a nivel de centro, as actuacións precisas para favorecer a integración do alumnado non conforme coa súa identidade de xénero e para evitar calquera forma de exclusión social ou manifestación de violencia e acoso, cara a este alumnado.
- Promover entre o profesorado actividades educativas encamiñadas a coñecer as claves que permitan identificar situación de violencia de xénero e os protocolos a seguir no caso de que se produzan.

### **4.5 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.**

- Empregar un vocabulario non discriminatorio en relación coa sexualidade.
- Establecer pautas de actuación para detectar condutas discriminatorias, violentas u de acoso por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero entre os membros da comunidade educativa.
- Investigar esas condutas e se procede iniciar os protocolos a seguir.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

### 5.1 Organización de centro.

- Dentro do Consello Escolar está nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade que velará e impulsará o cumprimento deste Plan.
- O Plan de Igualdade darase a coñecer entre todos os sectores da comunidade educativa a través dos medios habituais, así como os protocolos de Acoso Escolar e o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero publicados pola Consellería de Educación.
- Tódolos documentos do centro, circulares, carteis, estarán redactados cunha linguaxe inclusiva e igualitaria.
- A Dirección do centro promoverá a participación en actividades coeducativas organizadas por outras entidades como as que programa o CIM (Centro de Información a Muller ) do Concello de Mos, para cada curso escolar.
- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.

### 5.2 Actividades puntuais

Aínda que a igualdade será traballada ao longo de todo o curso, realizaremos actividades puntuais en datas sinaladas. Haberá un traballo nas aulas ao que se dará visibilidade a través da páxina web do centro. Isto permitirá que o alumnado poida ver o traballo do resto dos compañeiros e compañeiras. Tamén as familias poderán coñecer e apoiar a nosa liña de traballo.

- 25 de novembro: Día Internacional contra a violencia de xénero.
- Nadal: Actividades para promover os xogos e xoguetes non sexistas.
- 30 de xaneiro: Día da Paz
- 8 de marzo: Día da muller traballadora.
- 23 de abril: Escritoras, no día do libro.
- 15 de maio: Día da familia (analizar diferentes tipos de familia)

### **5.3 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

- Revisar e elixir o material educativo e os libros de texto para o centro e a aula tendo en conta a igualdade de xénero e a non discriminación.
- Incluír no espazo de deportes da radio escolar noticias sobre a muller no deporte e os resultados dos equipos femininos.

### **5.4 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Promover xogos cooperativos no patio.
- Continuar co proxecto iniciado en cursos anteriores polo equipo de convivencia de mediadores para a resolución de conflitos no patio escolar.

### **5.5 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Promover a expresión das emocións dentro da aula.
- Favorecer o diálogo e empregalo como principal técnica de resolución de conflitos.
- Empregar metodoloxías activas e cooperativas.

## **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Levarase a cabo unha avaliación continua do Plan de Igualdade que permita analizar se os obxectivos e as actividades están sendo os axeitados e se se desenvolven conforme ao previsto neste plan. Valorarase tamén de xeito continuo, o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a Comunidade Educativa, a súa coordinación e o grao de aceptación das propostas.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación do plan para valorar en que medida as actividades levadas a cabo contribuíron á igualdade. Este será o punto de partida para o vindeiro curso, modificando todos aqueles aspectos que se considere oportuno.

Para isto empregaranse os seguintes instrumentos:

- Reunión do profesorado para a análise da posta en práctica das actividades.
- Cuestionario en materia de igualdade para toda a comunidade educativa (ao inicio e ao final de curso).
- Memoria do Plan de Igualdade, onde se recollerán as propostas de mellora para o curso seguinte.

Sanguiñeda, 22 de setembro de 2022

A responsable

A directora

Aida Fontela López

M.ª Jesús González Puga